

Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: *Betanzos*

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*



Fig. 1.- Vista xeral de Betanzos no 1901, recén rematada de construir unha das torres novas da igrexa de Santiago. Tomada desde a actual Feira Nova, as primeiras casas que vemos son as da Cruz Verde no barrio dos Xudeos. Mais abaixo, no centro, a igrexa e mosteiro de Santo Domingo. Ó fondo, á esquerda, as casas da Magdalena e a curva do vello canle da ría, debaixo da carretera que sube á Angustia. Fotografía de D. Francisco Javier Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

I.- INTRODUCCIÓN

O traslado da poboación de Betanzos o Vello (na parroquia de Tiobre) ata a vila de Untia (esta á súa vez asentárase sobre o Castro do mesmo nome) tivo lugar a principios do s.XIII (documento de 1219 dado por Alfonso IX) "ad instantiam et petitionem habitatorum"¹. Inmediatamente se trazaron as novas rúas e se marcaron e distribuíron as "plaças" ou solares que debían ocupar os edificios nun primeiro recinto amurallado, aproveitando as defensas do castro (a croa e o primeiro antecastro), pronto desbordado pola Rúa Travesa e pola **Rúa Nova** (esta sobre o vello camiño que ía ó "Orreum", citado no 1219). Así pois, había que facer outra cerca máis grande e a súa construción data, moi

*Alfredo Erias Martínez é Licenciado en Xeografía e Historia pola Univ. de Santiago de Compostela e funcionario do Concello de Betanzos, desempeñando a dirección do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino. O presente traballo complementa o publicado por el no *Anuario Brigantino* 1985 co título «As rúas de Betanzos: introducción ó seu coñecemento».

¹GONZÁLEZ, Julio. *Alfonso IX*. Madrid, CSIC, 1944, t. II, doc. 369, pp. 481-483.

Anuario Brigantino 1995, n.º 18



Fig. 2.- Vista xeral de Betanzos desde a Magdalena anterior a 1898. A existencia de marea viva e o feito de que o canle da ría sexa o antigo fai que a cidade se nos apareza como unha illa. As lanchas do primeiro plano están amarradas ó embarcadero dos Etcheverría, que ainda hoxe se conserva, desde o que entraban (e saían) peles para a súa fábrica de curtidos e tamén se mandaba madeira para os astelieiros de Ferrol... Fot.: D. Francisco J. Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

probablemente, do s.XIV (tamén aproveitando parte das estructuras castrexas)², de tal maneira que cando rematou a Idade Media a cidade estaba plenamente configurada e ainda hoxe é unha das mellor conservadas de Galicia³.

A necesidade de dar nome ás rúas, prazas, venelas, etc. foi resposta de diversas maneiras. Ás veces recollendo e perpetuando topónimos antigos, desde o nome do Castro que ainda hoxe queda na fonte que está ó pé del (a **Fonte d'Unta**) ata a **Plaça do Castro** na croa, a **Rúa do Castro** que sube á cima, ou a **Rúa Travesa** que segue un vello camiño castrexo enriba do segundo antecastro oriental.

E cando a nova vila crea realidades urbanísticas tamén novas, os betanceiros da época non se complican o máis mínimo e chaman ás cousas polo seu nome: **Porta da Vila, Rúa Nova**.

Outros nomes aluden a lugares públicos nos que se realizan actividades específicas: **Campo da Feira, Azougue, Aira Vella...**

Tamén hai alusións a edificios singulares, xa fosken públicos ou privados: **Rúa da Pescadería, Rúa da Cortaduría, Rúa da Pastelería, Rúa do Alfolí...**

Logo están os nomes que se refiren a grupos gremiais que se singularizan polas súas actividades económicas e sociais (cofradias relixiosas...): **Rúa dos Ferreiros, Rúa dos Sobreireiros, Rúa dos Cregos, Rúa dos Prateiros, Rúa dos Ferradores, Rúa dos Armeiros, Rúa dos Cerraxeiros...**

En definitiva, e coa excepción de **Plaza Real** que xa vemos no s.XVII, son todos nomes da vida e do traballo, que nacen da propia xente e das súas actividades, nomes que, ó tempo que singularizan un lugar, engaden unha información suplementaria do que ali se pode atopar. Non esquenzamos que Betanzos vive volcada nas súas feiras e mercados desde a súa orixe. Toda a cidade semella ser un gran recinto feiral con centros múltiples: **o Campo, o Azougue⁴, a Rúa e Praza do Castro...**

²Desas estructuras castrexas hai que sinalizar o gran corte inicial que se fixo para illar polo sul o castro, posto que polo resto xa estaban os ríos Mendo e Mandeo para cumplir esa función. Este corte é típico dos castros costeiros e hoxe ainda pode verse perfectamente, posto que por el corre a **Rúa da Fonte de Unta**, chamada no 1219 vallem **antiquam** (camiño vello e fondo), via romana que viña da costa cantábrica, atravesando a tamén romana **Pontem de Unta** (hoxe a súa herdeira é a **Ponte Vella**). Unha via que logo sería camiño xacobeo.

³ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "As rúas de Betanzos: Introducción ó seu coñecemento". En: *Anuario Brigantino* 1985, nº 8, Concello de Betanzos (A Coruña), 1986, pp. 43-76. Este traballo foi un primeiro achegamento sistemático ó tema e evitame afondar en cuestiós ali ditas. Nado dun informe que me pedira o Concello, serviuille a este de base para a recuperación dos nomes antigos no chamado casco histórico.

⁴GARCÍA ORO, José. "Betanzos en la Baja Edad Media". En: *Anuario Brigantino* 1984, nº 7. Betanzos (A Coruña), Concello, 1985, pp. 21 e ss. Aquí (p. 30) se documenta un pleito entre a parroquia de Santiago e a de Santa María pola pretensión de ser cada unha delas a única autorizada a ter un mercado. A decisión dos tribunais (1509) de que o único mercado propiamente dito era o de Santiago, ainda que en Santa María podían existir tendas nas casas e xunto á igrexa, só supuxo que o pleito continuase.



Fig. 3.- Vista xeral de Betanzos desde a Magdalena no 1900, cando se derrubou a torre antiga da igrexa de Santiago. Xa vemos a fábrica de electricidade (proxectouse no 1895 e funcionaba, polo menos desde 1898) e a de madeiras á beira da Ponte Nova, mentres se amosa altivo un veleiro frente ó Peirao. Fotografía de D. Francisco Javier Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

O gran cambio na maneira de nomear os espacios públicos aparece coa Constitución de 1812. Chega con ela o réxime liberal a España e conseguintemente as eleccións e os partidos políticos. Neste contexto, as rúas e prazas más emblemáticas recibirán novos nomes dos símbolos, heróis, mártires ou ideais do partido dominante en cada etapa histórica. Nomes, en definitiva, que son utilizados como unha arma máis na loita política e que, correntemente (sobre todo nas primeiras décadas), se fixan ou se borran no medio de exaltadas manifestacións populares.

O que se quere poñer de manifesto neste traballo é o feito de que a análise dos nomes das rúas e prazas nunha cidade antiga, proporcionanos unha preciosa información da evolución social, económica e política. Betanzos, neste senso, non é máis que un exemplo prototípico.

II.- NOMES DA VIDA E DO TRABALLO

Aínda que xa temos documentados algúns nomes para a Baixa Idade Media, é no s.XVI e, sobre todo, no XVII cando os vemos fixados dun xeito máis completo, dada a esquilmada documentación con que se conta para eseis primeiros séculos⁵. Máis tarde, no Catastro de Ensenada (1751), atoparémoslos outra vez confirmados, e así seguirán sen a penas cambios ata a chegada do réxime liberal, e mesmo se recuperarán en determinados períodos, no que se inclúe o tempo presente. Hai que ter en conta que a articulación urbanística da cidade realizaase mediante sete barrios, dous deles intramuros case por completo (o da **Rúa Nova** e o de **San Francisco**), outros dous ó pé das murallas rematadas no s.XV (o **Campo da Feira**, polo sul, e **A Ribeira**, polo norte), un exterior próximo máis aló do río Mandeo (o da **Ponte Vella**), ligado ós camiños de acceso nororientais, e dous exteriores más lonxanos: o da **Magdalena**, cun Hospital de Lazarados desde polo menos o s.XIV, e o das **Cascas**, nos dominios do

⁵Empezo por utilizar un “Repartimiento del dos por ciento de la salbaxina del ano de 1643” do Arquivo Municipal de Betanzos (=AMB, c. 1642), así como outro “Repartimiento por menor de las tres quartas partes de otaba en las especias de bino, binagre y aceite...” do 1660 (AMB, c. 1643). A eles me referirei desde agora somente co ano, como tamén cando se trate do Catastro de Ensenada de 1751, da Contribución de Utensilios de 1824 (AMB, c. 1678), dos Expts. de nomenclátor de 1836, 1855... (AMB, c. 904), ou do “Padrón General de Almas” de 1865 (AMB, c. 228).



Fig. 4.- Aspecto parcial dunha vista panorámica de gran formato de Betanzos, realizada con catro fotografías. Data de 1907-10 e quizais foi realizada por D. Francisco Javier Martínez Santiso. Editouna a "Librería y Paqueteria de D. José Iglesias". A novidade máis importante está no corte do vello canle da ría e na chegada do ferrocarril. Nun primeiro plano destaca tamén o recién construído mosteiro. Xentileza de D. Luis Veiga.

mosteiro do mesmo nome, que data do s.XII. A súa realidade económica e social é peculiar en cada un deles. Pero do que se trata agora é de coñecer os velllos nomes desas rúas, prazas, venelas... tal como aparecen nos documentos e para iso non só se buscarán nos máis antigos, senón tamén nos que se conservan ben entrado o s.XIX:

-**Abaxo, Calle de** (1660, **Calle de Avaxo de la Pescadería** no 1751). É a actual (1995) *Rúa da Marina*, nome éste que data de finais do s.XIX.

-**Aira Vieja** (1819, **Plazuela de la Aira Vieja** no 1824). Hoxe: *Praza de Enrique IV, antigua Eira Vella*.

-**Alfolí, Calle del** (1660, 1751...). Abarcaba desde a Ponte Vella ata a Porta do Cristo. Permanecerá ata 1888 en que se funde na “C. de la Ribera” que chega ata hoxe, cando de novo se recupera o vello nome, no mesmo lugar⁶.

-**Almenas, Paseo das**. Nome popular que se daba ó camiño que ía por riba da muralla da cidade entre a Porta da Vila e a zona que dá frente ó antigo Hospital da Anunciata (hoxe convento de monxas Agustinas Recoletas), onde áinda quedan as escaleiras monumentais polas que se baixaba á rúa.

-**Armeros, Calle de los**. Documéntase no 1671: "... una cassa sita en la calle que solian llamar **de los armeros**... que ace frente a la calle que ba desde la **puentebiexa** acia la **pescadería** por la calle de arriba la qual está por una parte su cassa... y por otra parte en la calle que baja de la **rruatraviesa** para la **cerca** y de allí a la **puerta de payo fermoso** y ace frente a la dicha muralla..."⁷

-**Arón, Calle de**. É un nome que se daba nos anos 80 do s.XIX a unha das travesías de cregos (a primeira ou a terceira).

-**Arriba, Calle de** (1660, **Calle de Arriva de la Pescadería** no 1751). É a actual *Rúa da Ribeira* entre a Porta do Cristo e a Ponte Nova.

-**Atrio, Calle del** (1824). **Calle del Atrio de Santiago** (1865). No 1803⁸ documéntase a **Calle 1º del Atrio** e tamén no 1836, xunto á **Calle 2º del Atrio**, no barrio da Rúa Nova. Están perto do vello adro (cemiterio) da igrexa de Santiago. Deben ser a actual Rúa de Lanzós e a súa pequena travesía.

-**Atrio de Santiago, Plazuela del** (1866).

-**Atrio de Santa María, Plazuela del** (1866).

⁶Xa no s.XIV se fala do alfolí de Betanzos, como gran almacén de sal, o mellor de Galicia según di Molina no 1550. No s.XVIII chegou a haber doce alfolís e neles despachábase arredor do 15% do sal consumido en Galicia... MEJÍDE PARDO, Antonio. “Aspectos de la vida económica de Betanzos en el siglo XVIII”. En: *Anuario Brigantino* 1991, nº 14, Concello de Betanzos (A Coruña), 1992, pp. 51 e ss. Tamén, VEIGA FERREIRA, Xosé M. “O Alfolí e outras historias”. En: 1994 [Programa de festas da] Octava da Ribeira, Betanzos (A Coruña).

⁷Arquivo da Igrexa de Santiago de Betanzos (=AISB), libro 1º de “pertencencias” da “Cofradía del Clero”, 3^a.

⁸AMB, c. 4386.



Fig. 5.- Vista parcial do barrio da Ribeira arredor de 1900 co peirao de Paio Formoso na metade dereita. Probablemente o autor é D. Francisco Javier Martínez Santiso.
Xentileza de D. Rodolfo Blanco.

-**Benela** (2ª metade do s.XVII). Probablemente se refire á coñecida ata hai pouco como “1ª Travesía del Progreso”, desde 1888, e que en diferentes documentos do s.XIX, anteriores a esa data (1824 p.e.), atopamos como 1ª **venela del Campo** xunto á compañoira 2ª **venela del Campo**.

-**Cachiñas, Calle de** (1751). Forma parte hoxe da **Rúa do Valdonecel**, que daquela abarcaba unha extensión máis localizada. **Calle de avajo de Cachiñas** no 1824. No 1865 hai **Cachiñas de arriba** e **Cachiñas de abajo**, aludindo, probablemente ás dúas beiras da mesma rúa, unha moi altoa que a outra desde a Porta do Hórreo ata a actual *Avenida de Linares Rivas*.

-**Campo da Feira** (s.XIII). **Campo de San Roque** (1736)⁹. **Plaza mayor del Campo de la Feria** (1845). Actual *Praza dos Irmáns García Naveira*.

-**Campo, 1ª e 2ª venelas** (1865).

-**Cano, Calle do** (1670)¹⁰. Como **Calle del Caño de la Fuente** vémola no 1865.

-**Cañota, Calle de la** (1605¹¹, 1751, 1866). Hoxe, «rúa» do mesmo nome.

-**Caraña, Calleja de** (1824, 1865). No 1612 só figura como “calle que va para los pelamios”¹². Hoxe, *Travesía de Caraña*.

⁹AMB, c. 515.

¹⁰... horno que está sito en el barrio de la **Fuente de Unta y calle del Hospital de ella que se dice do Cano...**” Protocolo do notario de Betanzos Mateo Arias da Cal, 1670. ARG, leg. 52, segundo nota de D. Francisco Vales no AMB, c. 4386.

¹¹... una casa que... tiene en la **guerta de la fuente dunta** adonde dizan **la canota...**” Protocolo do notario de Betanzos Alvaro Vázquez, 1605, fº 126, segundo nota de D. Francisco Vales no AMB, c. 4386.

¹²“Libro viejo” de escrituras da Cofradía do Clero, fº 156. AISB, c. 2.1.14.



Fig. 6.- A Ponte Vella, que da nome a un barrio de Betanzos, co seu antigo pretil e os apartadeiros. Fotografía de D. Francisco Javier Martínez Santiso anterior a 1897. Xentileza de D. Luis Veiga.

-Cárcel, Callejón de la (s. XIX). O que había paralelo polo Este á Rúa do Castro e hoxe perdido. Enlazaba co Paseo das Almenas, tamén tapiado hoxe e perdido en boa parte.

-Carnicería ou Carnicерías (1660...). Probablemente se refira á actual Rúa da Torre e á da Pescadería, nomes estes que se puxeron no 1888 e que sustitireron a C. de la Cortaduria, que permanecía no 1751.

-Carral, Calle del (1740¹³, 1835). «Calle del Carral o 3^a de Clérigos» (1836). Actual Rúa do Cristo.

-Casa-vieja, Plaza de (1641¹⁴, Casas Viejas no 1824). Plazuela de las Casas Viejas no 1865. Zona próxima á Porta do Hórreo.

-Castilla, Calle del camino de (1865). A actual carretera Nacional VI.



Fig. 7.- O medieval Alfolí, o almacén do sal máis antigo de Betanzos, xa documentado no 1372 e que deu e da nome á rúa. Fot.: Francisco J. Martínez Santiso (11-V-1933). Xentileza de D. Luis Veiga.

¹³Arquivo da Igrexa de Santa María de Betanzos. Libro de misas de fundación. Notas de D. Francisco Vales. AMB, c. 4386.

¹⁴MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. Algunos temas gallegos (cap. "La beneficencia en Betanzos en los siglos XVI, XVII y XVIII"). La Coruña, Gráficas do Castro/Moret, 1981 (1^a ed. 1948).



Fig. 8.- O Peirao na primeira ou segunda década do s. XX. Hoxe non quedan aquí nin os hórreos nin os carros da area ou do patexo nin tampouco a medieval Ponte Nova coas casas que a flanqueaban. Fotografía de D. Francisco Javier Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

-**Castro, Calle do** (1604¹⁵, 1658)¹⁶. A actual «rúa» do mesmo nome que vai á Praza da Constitución.

-**Castro, Plaça del** (s.XV)¹⁷. **Plaza Real** no 1642. **Plaza** (2^a metade do s.XVII)... É a actual Praza da Constitución.

-**Cátedra de Latinidad, Callejón de la.** "... el callejón conocido con el nombre del de la Cátedra de Latinidad dice a la calle de S. Francisco y Noas... [1836]"¹⁸

¹⁵"Libro viejo" de escrituras da Cofradía do Clero, fº 112 v. AISB, c. 2.1.14.

¹⁶"En la ciudad de betanzos a 11 de diciembre de 1658... Diego Reimóndez de Andrade y Figueroa y doña Juana Diaz de Puço y Aguiar, marido y muger, vecinos de la dicha ciudad en la **pescadería** della... la cassa que ella tiene por su cabeza dentro de la dicha ciudad a entrar por el **campo de la Feria** para dentro de dicha ciudad a la mano hesquierda della arimada a su muralla entre casas la una de don Antonio [?] Freire y Andrade que bibe en la feligresia de orto por acia la parte de la **rua nueba** y por la parte de la **puerta de dicha ciudad** con cassa y tienda en que bibio Juan Pulleiro [?] das Seixas notario y bibe su muger viuda en lo alto y en lo terreno tiene su tienda de paños Andrés García mercader y açe presente la deste poder a las cassas del Regidor don alvares de gondin y a la **calle do Castro** la qual por hestar arrimada a dicha muralla tiene pension de dicha ciudad y es conosçida y pension perpetua". Nota de D. Francisco Vales Villamarín sobre protocolo do notario Juan Sanjurjo. AMB, c. 4386.

¹⁷ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "... Afonso de Carvallido: un mercador betanceiro do s.XV cabecilla dos irmiñandinos". En: *Anuario Brigantino* 1984, nº 7, Concello de Betanzos (A Coruña), 1985, pp. 14-18.

¹⁸Notas de D. Francisco Vales Villamarín, AMB, c. 4386.



Fig. 9.- As vellas casas do Peirao a principios do s. XX. Fotografía: Ferrer. Xentileza de D. Manuel Lousa.

- Cerca, Calle de la** (2ª metade do s.XVII). Mantense hoxe como «rúa».
- Cerrajeros, Calle de**. Nun documento de 1631 aparece escrito “Calle de los Zerrajeros”¹⁹.
- Cortaduría, Calle de la** (1751). As súas travesías son: 1ª, 2ª, 3ª e 4ª benelas de la **Cortaduría** (1824).
- Cortaduría, Plazuela de la** (1824).
- Clérigos, Calle 1ª, 2ª e 3ª de** (1824). Por esta orde, hoxe: 1ª venela dos clérigos, 2ª venela dos clérigos e Rúa do Cristo.
- Gregos, Calle dos** (2ª metade do s.XVII). Evidentemente debe tratarse da mesma que atopamos no Catastro de Ensenada (1751) co nome de **C. de los Clérigos**, que recupera hoxe esta versión despois de substituir a **Calle de Santa María**.
- Cristo de la Rivera, Calle del** (1853).
- Cruz Verde, Calle de la** (1751).
- Cruz Verde, Calle de avajo de la** (1824).
- Cruz Verde, Camino nuebo de la** (1824).
- Curro, O.** É un nome que pervive hoxe na xente da Ribeira e que vemos xa no 1689²⁰.
- Doña Mencía, Calle de**. No 1599 atopamos: "... calle de los herreros que se dice de Doña mesia..." Nembargantes no 1603 máis parece referirse á actual *dos Prateiros*²¹ (**mencía** no 1605,

¹⁹Notas de D. Francisco Vales Villamarín, AMB, c. 4386.

²⁰Arquivo da Igrexa de Santiago de Betanzos. “Libro de Fundaciones de la Congregación del Clero”, táboa de misas, fº 172.

²¹“... la su casa... sita en la calle que biene de la **puerta del campo de la feria** por la parte de dentro para la **puentebixa** de esta ciudad que dicen se solia llamar la **calle de dona mencía** segun de una parte testa y afirma sobre la **cerca** de la dicha ciudad frente del hospital de nuestra señora nunçata... y por la parte delantera hasta frente de la casa que fue de Fernán Reymondez...” «Libro viejo» de escrituras da Cofradía do Clero, fº 108 v. AISB, c. 2.1.14.



Figs. 10-11.- A excusión a Betanzos de diversas entidades coruñesas no 1907 permitenos ver como era o mosteiro das Cascas. Fotografías: Ferrer. Xentileza de D. Andrés García Pascual.

mención no 1621, **Donamessia** no 1630)²².

-Ferrol, Camino nubo del (1865). Calle del camino del Ferrol no 1866.

-Francia, Rúa de (s.XIII)²³. Alude ó camiño xacobeo e ós pelegríns franceses. Actual **R. da Fonte de Unta** e antigo (1219) **vallem antiquam...** (v. este nome)

²²Notas de D. Francisco Vales sacadas do libro 1º e 2º de «*o pertenencias da «Congregación del Clero»* (Arquivo da Igrexa de Santiago de Betanzos), así como protocolos de Pedro Manzanas. AMB, c. 4386.

²³VALES VILLAMARÍN, Francisco. «Las antiguas rutas jacobea del territorio brigantino, IV itinerario». En: *La Coruña, paraíso del turismo*, 1975.



Fig. 12.- D. Francisco Javier Martínez Santiso tomou esta fotografía desde a súa casa da Rúa Nova, probablemente no 1911 cando non faltaba moito para que se inaugurasen (10-XI-1912) as escolas e o asilo dos Irmáns García Naveira, que se ve ó fondo rodeado de estadas. No centro vemos a "Feira Nova" (hoxe desaparecida) con plátanos recién plantados, dos que ainda sobreviven algúns. Xentileza de D. Luis Veiga.

-**Fuente Dunta** (1643). **Fuente Unta** no 1751. **Calle que vaja al Fuentedeunta** (1824). Antiga Rúa de Francia. C. de Monjas. Como **Calle de la cuesta del Fuente de Unta** aparece no 1866.

-**Fuente de Unta, Calle de los soportales del** (1866). No 1857 «Soportales de Noeses», acaso en relación con «noas» ou quizais mellor con zapateiros vidos de Noia...

-**Fuentedeunta, Calle y Caño del** (1824).

-**Fuentedeunta, Calle de sobre las Guertas del** (1824).

-**Herradores, Calle de los**. É a dos soportais do Campo da Feira. Debe o seu nome ós ferradores que estaban instalados diante, á beira do Camiño de Castela. Así a vemos no 1652²⁴...

-**Herreros, Calle de los** (1599, 1664²⁵, 1751...). É a mesma Rúa dos Ferreiros que chegou ata nós, ainda que nese tempo ía desde a Porta da Ponte Nova ata a cima da cidade, que no s.XV era a *plaça del Castro* e hoxe a *Praza da Constitución*.

-**Horno, Plazuela del** (1824). **Plaza del Horno** no 1865.

-**Houro, Calle do**. Documéntase no 1612: "... en la calle que dice **do houro** de esta ciudad que ba para la puente vieixa della"²⁶. Segue ata 1888 como **Calle del Oro**. É a posterior 4^a travesía de la Rúa Traviesa. Hoxe recuperou o nome de *Rúa do Ouro*.

-**Lagares, Calle de entre los** (1657)²⁷.

²⁴"... su casa en que al presente vive sita en la **calle de los Herradores** de dicha ciudad frente el convento de santo domingo della". Arrendamento de Alonso Garcia... 1652. Como «**Rrua de los Herradores**» aparece no arrendamento de Domingo Carro... 1663. AMB, c. 4386.

²⁵Como «**calle de los ereros**» vénola neste 1664 nun doc. do AMB, c. 4386.

²⁶AISB, «Libro viejo de escrituras de la Cofradía del Clero», fº 146.

²⁷Foro de una cassa que tienen en la **calle de entre los lagares que ba del dicho Barrio [«Puente Bieja»] para el río de Caraña...** Nota de D. Francisco Vales Villamarín sobre protocolo do notario Juan Sanjurjo. AMB, c. 4386.



Fig. 13.- A Praza do Campo nos primeiros anos do s. XX. Foto: Ferrer.

-**Moas, Calle das** (1596²⁸, 1601 e 1602²⁹). Como **Calle das noas**³⁰ vénola no 1633³¹, 1668, 1680, 1751... É a que se coñece desde 1888 como *C. de Cervantes* e hoxe volve ser *Noas*. Na segunda metade do s.XVIII ou primeiros anos do XIX, a de Noas pasou a ser **C. 1ª de Noas** e a paralela polo Norte **C. 2ª de Noas** (a actual de *Quiroga* desde 1888).

-**Monjas, Calle de** (1824, 1865, 1866...).

-**Muelle, Plazuela del** (1855).

-**Nueba, Rúa** (1596³², 1612³³, **Ruanoba** na 2ª metade do s.XVII). Hoxe recuperouse **Rúa Nova**. Esta rúa fixose sobre a **uiam que tendit ad Orreum** (camiño anterior, polo tanto) que




Fig. 14.- A desaparecida Porta da Vila, que daba entrada á cidade amurallada desde o «Campo» da Feira.

Debuxo de F.J. Martínez Santiso.

²⁸***Calle de las Moas** que testa con el cano e casa de Juan Rº pedrero e por delantera en la **calle que ba para San Francisco** e casa de Domingo Nunez...” Nota de D. Francisco Vales Villamarín sobre protocolo de 1596. AMB, c. 4386.

²⁹«Consentimiento de venta» dunha casa (1601) e venda doutra no 1602. Documentos de 1620 e 1631 tamén conteñen ese nome. AMB, c. 4386.

³⁰... de pedro de gayoso clérigo cuya hes la sincura patrimonial de las dos **noas** de san martino de tiobre...” (1605). “Citaciones y notificaciones para los apeos de las **noas** de tiobre y bienes de la ciudad de Betanzos” (1606). Notas de D. Francisco Vales Villamarín sobre protocolos de Betanzos do notario Alonso Vázquez. AMB, c. 4386.

³¹Arrendamento de Pedro de Babio e a súa muller... 1633. AMB, c. 4386.

³²«Libro viejo» de escrituras da Cofradía do Clero, fº 32v. AISB, c. 2.1.14.

³³... sobre la casa en que al presente vive... que esta sita a la entrada de la **rrua nova...**” [1612]; “... calle que ba de la **puerta del orro a la rrua nueba**” [1691]. Notas de D. Francisco Vales sobre os libros da «Cofradía del Clero («viejo», fº 151v., «fundaciones», nº 56, AISB), AMB, c. 4386.



Fig. 15.- A Praza do Campo cara á desaparecida Porta da Vila en día de feira, a fíanis do s. XIX.
Fot.: D. Francisco Javier Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.



Fig. 16.- A Rúa do Castro na primeira década do s. XX.



Fig. 17.- A Rúa do Castro (ou de Sánchez Bregua) nas festas de San Roque, quizais de 1933.
Fot.: D. Francisco Javier Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

se cita no documento de traslación de Betanzos ó **Castrum de Unctia**, dado por Alfonso IX no 1219. A súa construcción supón unha ampliación da cidade quizais xa a finais do s.XIII ou no s.XIV.

-**Nuestra Señora del Camino, Calle de** (1824, 1865). Mantense hoxe, en galego.

-**Orreum** (1219). **Puerta del orro** (1606, **Puerta del horreo** na 2^a metade do s.XVII, **Puerta del Orrío** no 1751). No 1751 e en boa parte do s.XIX atopamos C. de la **Puerta del Hórreo** e no 1888

aparece “C. del Hórreo”, referíndose á que vai, intramuros, desde a Porta da Ponte Nova ata a Porta do Hórreo.

-**Pastel, Calle del** (1824).

Segue ata 1888 e pérdeuse logo, para recuperarse hoxe...

-**Pastelería, Calle de la** (1751, 1865). É a posterior 3ª travesía da Rúa Travesa. Segue ata 1888. Hoxe recuperouse o nome antigo.

-**Pay Fremoso** (1518), **Payo Fermoso** (1619)³⁴... **Payo Formoso** (1865).

-**Peirao, Calle del** (1824).

Peirayo no 1866.

-**Peirayo, Plazuela 1ª del** (1866).

-**Peirayo, Plazuela 2ª del** (1866).

-**Pescadería** (1643). **Calle de Arriva de la Pescadería** e **Calle de Abaxo de la Pescadería** no 1751. Son as Rúas da Ribeira e da Marina actuais.

-**Pescadería, Plazuela de la** (1866).

-**Peso** (1824).

-**Picardel** (s.XIX-XX). Onde se vendían os repolos, na confluencia entre a **Rúa do Valdoncel** e a Avda. de Linares Rivas.

-**Pinche, Calle del** (1824, 1865). Hoxe recuperouse...

-**Plateros, Calle de los**. Púxose entre 1751 e 1769 sustituindo a **Calle de los Sombrereros**, nome que se trasladaría. Hoxe permanece como **Rúa dos Prateiros**.

-**Plaza, Calle de la** (1751). É a antiga **Calle del Castro** que sube á cima da cidade.

-**Puente Biexa** (1643, C. del Puenteviejo no 1751).

-**Puente Nueba** (1643). **Calle del Puentenuebo** no 1751. “... la casa que abita, sita en la Calle del Puente Nuebo y que por otro nombre se llama... calle de abajo de la pescadería...”³⁵. No 1866 distinguese entre **Calle del Puente Nuevo de Arriba** e **Calle del Puente Nuevo de Abajo**.

-**Puente nuebo, Calleja del** (1824).

-**Puerta de la Villa** (1575)³⁶. **Puerta Real** (1688)³⁷. **Puerta de la ciudad** (2ª metade do s.XVII). **Puerta principal** (1736)³⁸. É a **Porta da Vila**, expresión esta máis popular e previsiblemente a máis



Fig. 18.- Cando pasamos a Porta da Vila e nos deixamos levar polas medievais rúas de Betanzos, ainda notamos claramente a presencia do ancestral Castro de Unta. Reconstrucción hipotética de Alfredo Erias.

³⁴Notas de D. Francisco Vales Villamarín, AMB, c. 4386.

³⁵Arquivo da Igrexa de Santiago de Betanzos, libro V de cabildos da «Cofradía del Clero», fº 130v.

³⁶... las tiendas de la **puerta de la villa** en los Soportales de la cassa en que bibia...” Protocolo. AMB, c. 4386.

³⁷Contas de propios e arbitrios, ano 1688. AMB, c. 1644.

³⁸AMB, c. 515.



Fig. 19.- Igrexa conventual de San Francisco, que deu nome ó barrio e a unha rúa.

Fot.: Lacoste, Madrid.

antiga, posto que Betanzos ten o título de cidade desde 1465³⁹ e desde 1219 ata esa data sería unha vila a tódolos efectos, como tamén era vila a de *Untia* que a precedeu no actual asentamento. **Calle de la Puerta de la Ciudad** no 1866.

- Puerta de la Villa de adentro, Calle de la** (1751).
- Puerta de la Villa de afuera, Calle de la** (1751).
- Real, Plaza** (1642). A antiga do Castro...
- Rivera y Puente Nuevo, Calle de abajo de la** (1824). Ribera de abajo (1865).
- Ribera de arriba** (1865).
- Rollo**⁴⁰ (1824). Rollo y Peso no 1865.
- Ruatraviesa, Manzana de la** (1865).
- Rueda, Calejón de la**. Curiosa traducción ó castelán no 1654⁴¹ do *calexón* que di a xente.
- Ruedas, Calle 1ª de** (1865).
- Ruedas, Calle 2ª de** (1865).
- San Francisco, Rua de** (1612⁴², 1751...). Actualmente rescatouse tamén.
- Santa María, Calle de** (1836, 1865).

³⁹VALES VILLAMARÍN, Francisco. «Privilegio de Enrique IV concediendo a Betanzos el título de ciudad y confirmación por el propio monarca de esta importante merced». En: *Boletín de la Real Academia Gallega. Documentos Históricos*, t. IV. La Coruña, 1976.

⁴⁰A «ynsignia del Rollo» existía desde logo no 1817, cando se fala dela, situada á beira do «Caminho que ba para las Casacas y Roybeira», no lugar da Penela. Mesmo se indica que «Francisco Pardo y sus herederos han de conserbar en pie y en el ser y estado que tiene hoy dia la Ynsignia del Rollo, sin escarbar sus cimientos de modo que sea causa de su ruina, por ser una de las antiguas de esta Ciudad que deve permanecer». «Foro del Campón del Rollo», AMB, c. 4386.

⁴¹«... Calejon que ba desde la calle de arriva por junto a la casa que fincó de Antonio Rodriguez para el Rio en el Calejon de la Rueda». «Cuenta tomada a Pedro Medal», 1654. AMB, c. 4386.

⁴²«Libro viejo» de escrituras da Cofradía do Clero, fº 152. AISB, c. 2.1.14.

-Sobre la Muralla, Calle de (1751, 1865). Antes e agora Rúa da Cerca.

-Sobre las Guertas de la Fuente (1865). -Sombrereros, Calle de los (2ª metade do s.XVII, 1751). Sombrereros y Platería no 1739⁴³. Finalmente gañaron os prateiros e entre 1751 e 1769 o nome de "Sonbrereros" trasladouse á segunda travesía da Rúa Travesa (no 1812 aparece como Callejón del Sombrenro)⁴⁴ e no seu lugar púxose C. de los Plateiros que hoxe se recuperou co matiz de Rúa dos Prateiros.

-Soportales de la Fuente (1865). -Soportales de Noeses (1857). Son os que flanquean polo sul a Rúa da Fonte de Unta.

-Tecelanas, Calle de las (1739)⁴⁵. -Travesa, Rúa (s.XII⁴⁶, 1467, Ruatraviesa no 1751). Este nome, máis antigo probablemente que a propia cidade, recuperouse nos nosos días.

-Valdoncel, Baldonzel no 1603⁴⁷ e Balledoncel no 1675⁴⁸. Bandoncel no 1751. Hoxe permanece Valdoncel.

-Vallem antiquam (1219)⁴⁹. Pode traducirse como camiño fondo e vello e é a rúa que sube desde a Ponte Vella (no 1219, Pontem de Unctia) ata o Campo. Tamén se chamou xa no s.XIII Rúa de Francia e despois (e hoxe) Calle (ou Rúa) da Fonte de Unta, con épocas en que foi Calle de las Monjas, toda ou só a parte de abaxo, a que pasa por diante do antigo Hospital da Anunciata (do s.XVI), desde finais do s.XVII convento de agustinas recoletas. Este camiño ancestral corre por un corte fondo no terreo que as xentes que construíron o castro fixeron para illalo e defendelo así mellor, tal como era costume facer cos castros costeiros,




Fig. 20.- A 3ª venela dos cregos ou clérigos, tamén chamada Rúa do Cristo (hoxe recuperouse este nome). Fotografía realizada, quizais, na primeira ou segunda década do s. XX por D. Francisco J. Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.



Fig. 21.- A 1ª venela de cregos ou clérigos (II-V-1933). Fot.: D. Francisco J. Martínez Santiso. Xentileza de D. Luis Veiga.

⁴³Notas de D. Francisco Vales Villamarín, tomadas do Arquivo da Igrexa de Santa María de Betanzos. «Razón comprensiva de las misas de fundación...», 21-XI-1739. AMB, c. 4386

⁴⁴AMB, c. 4386.

⁴⁵Notas de D. Francisco Vales Villamarín, referidas ó notario eclesiástico Francisco José Rubio en documento do 28-XII-1739. AMB, c. 4386.

⁴⁶Notas de D. Francisco Vales Villamarín. AMB, c. 4386.

⁴⁷«Libro viejo» de escrituras da Cofradía do Clero, fº 158v. AISB, c. 2.1.14.

⁴⁸AMB, c. 4386.

⁴⁹GONZÁLEZ, Julio. *Op. cit.*

posto que polo resto estaba aquí rodeado polos ríos Mendo e Mandeo. O corte é moi claro polo sul (*a costa da Fonte d'Unta*, tamén coñecida polos carreteiros como *costa do Cristo*, sobre a que contan contos sobre as dificultades que pasaban ó subila e baixala cos bois).

-Veiga, Calle de la (1824, 1865).

-Verdura, Plaza de la (1865)

-Viudas, Acera de las. Nome popular de mediados do s.XIX ou posterior no Campo da Feira, desde o Edificio Arquivo ás escaleiras de Santo Domingo. Tamén parece que recibiron este nome as radiais que ian desde a antedita á Fonte de Diana. É un nome en desuso, pero ainda se lembra.

III.- NOMES DAS IDEAS

De 1812 á chegada das tropas de Angulema (1823)

O 16 de xullo de 1812 publicouse en Betanzos a “Constitución Política de la Monarquía Española” e o domingo 19 xurouse. Debeu ser case inmediatamente cando se puxo o nome de **Plaza de la Constitución** á antiga *Plaça del Castro*, por ese tempo *la Plaza*, a máis alta da cidade, a que da frente ó Concello.

Nin que dicir ten que as cousas cambiaron co regreso de Fernando VII do seu “cautiverio” en Francia. O 24 de marzo de 1814 entra en territorio español e desde ese tempo sucedense entusiásticas manifestacións en toda España.

O Concello de Betanzos envía ó Rei un caluroso escrito de adhesión o 20 de maio dese ano, abominando dos tempos constitucionais. Nel dise, entre outras cousas:

“...Después de haberse borrado en la tarde del día 17 del corriente la lápida de la despreciable Constitución, al anochecer de ese memorable dia corrieron con la rapidez del rayo á esta Real Casa Consistorial, donde se dispuso sacar el retrato de V. M.... Esta procesión de vuestros fieles y leales vasallos, se dirigió particularmente á los parajes adonde les habían obligado los tiempos desgraciados á publicar dicha Constitución, en los que se quemaron con el mayor júbilo y alegría muchísimos ejemplares de ella, retirándose en seguida vuestro real retrato á esta Casa Consistorial con toda pompa y aparato referido; que se presentó al público el día siguiente 18 en su fachada con toda grandeza, magnificencia y decoración que fué posible, escoltándole la misma compañía de granaderos. En seguida se procedió á fijar la inscripción de Plaza Real de Fernando VII en el lugar donde se había mandado poner la de la Constitución ya borrada...”⁵⁰

Os cambios más ou menos violentos dos nomes das rúas e prazas de Betanzos non fixeran más que empezar. Agora o ritmo, sobre todo para aqueles espacios públicos más emblemáticos, estará marcado polas confrontacións políticas.

O 21 de febreiro de 1820 foi proclamada de novo a Constitución de Cádiz na Coruña e iso supuxo que se excarcelara en Betanzos a viuva de Porlier que foi trasladada victoriosamente á cidade herculina, ó tempo que se proclamaba Presidente da “Junta Suprema de Galicia” a Don Pedro de Agar y Bustillo, ex-rexente, ata daquela confinado en Betanzos por orde de Fernando VII. O día 22 Agar entrou triunfalmente na Coruña, mentres no mesmo carruaxe ía detido o correxidor de Betanzos, Don Manuel Bernardino Pérez, que sería asasinado en Madrid o 8 de maio de 1823⁵¹.

As inscripcións fixáronse rapidamente nas rúas e prazas principais. Os símbolos heroicos do momento serán: **Quiroga, Lacy, Porlier, Acebedo e Agar**.

⁵⁰MARTÍNEZ SANTISO, Manuel. *Historia de la Ciudad de Betanzos*. Betanzos, 1892 (facsimil editado pola Deputación Provincial no 1987).

⁵¹VALES VILLAMARÍN, Francisco. «Don Pedro de Agar y Bustillo: algunos subsidios para su biografía». En: *Boletín de la Real Academia Gallega*, La Coruña, 1951.



Fig. 22.- O mariscal de campo Juan Díaz Porlier, aforcado no Campo da Leña da Coruña o 3-X-1815 logo do fracaso do seu levantamento contra Fernando VII. A súa morte, a súa muller, Dª Josefa Queipo de Llano, foi recluída no Colexio de Orfas



Fig. 23.- Luis de Lacy, principal dirixente da fallida intentona de abril de 1817 contra Fernando VII.

Non pasaría moito tempo, nem bargantes, sen que os absolutistas se deixaran ver a través dun atentado precisamente contra esas inscripcións. O feito ocorreu a noite do domingo 17 de decembro de 1820 cando uns “delinquentes” “enlodaron” e borraron as inscripcións sobre “azulejos” que se puxeran ó principio das rúas de Quiroga (antes, “Calle de la Plaza”), Lacy (antes “Calle de los Herreros”), Porlier (“antigua calle de Cuchiñas”⁵²) e Acebedo («antes titulada la Ruatrabiesa»). Non se di nada do **Campo de Agar** (o vello *Campo da Feira*) nin da **Plaza de la Constitución**.

Inmediatamente se incoou unha causa criminal no “Juzgado de Milicias de Betanzos” en contra dos cabos e soldados do Rexemento Provincial, Victoriano Leira (cabo 1º), Fernando Nobo (soldado) e Antonio Vigo (cabo 2º), ós que se acusou do feito⁵³.

⁵²No 1820 os rexidores Gregorio Edreira e Pedro González Espiñeira, «encargados de la Policía del Pueblo», foron insultados por Juan González Barallobre e Crisóstomo do Hermo, polos malos procedementos na limpeza das ruas e, sobre todo, pola «determinación de cerrarse el Callejón que vaja de la Calle de la Ruanueba a la de Porlier Camino Real». Oficio dos rexidores ó Concello (25-VIII-1820), AMB, c. 4386.

⁵³Causa contra los Cabos Victoriano Leira, Fernando Nobo, y Antonio Vigo sobre borrar las ynscripciones puestas en algunas de las calles de esta ciudad, con los nombres de **Lacy**, **Porlier**, **Acebedo**, y **Quiroga**. O escribano de nº do Concello que incia o expte. é Don José de Martín y Andrade e o primeiro documento é de Don Juan García Fernández «Rexidor decano del Ayuntamiento... que como tal administra Justicia por yndisposicion del Sr. Alcalde primero [D. Juan Ygnocencio Martínez González y Hermida, que deixa de ser Alcalde antes do 9 de xaneiro de 1821] y ocupacion del segundo [D. Gabriel Pita da Veiga]». Estas ausencias dos primeiros mandatarios deben considerarse como sospeitosas en principio... AMB, c. 4386.

O primeiro testigo non aclara nada do ocorrido, pero en cambio documéntanos magníficamente como era unha farra de domingo polas rúas betanceiras, indo a pandilla de taberna en taberna, onde corria o viño para acompañar o abadexo guisado, mentres soaban as bihuelas ou guitarras.

"En la expressada ciudad de Betanzos a 18 días del mes de diciembre de 1820 ... Santiago Abad vecino de ella ... Depone que entre ocho o ocho y quarto de la noche del dia de aier salieron a divertirse tocando una bihuela el declarante, Juan Costa el menor, Juan Perez, Mateo de Lar y Antonio Vazquez, tomaron la **antigua Calle de los Herreros** [agora Lacy] siguiendo las de **San Francisco, Ribera, Sobre la Muralla**, rematando bajo el techado que hay frente a la Carniceria, separandose todos siendo las nueve de la noche poco mas o menos; pero como aun fuere temprano, el Juan Costa y el declarante, sin guitarra alguna por haverselas llevado ya Lara y Perez, se fueron a beber a la taberna de Juana Pallares, luego que entraron se pusieron a comer un poco abadejo guisado y beber vino, pasarian dos o tres quartos de ora quando llegaron José Perez Cacheiro, Domingo San Pedro, Antonio Miranda, Benito Iglesias, Vicente Pita, Blas Fernandez, Blas Gonzalez, Francisco Osorio, Jose Paz, un hijo de un tal Gomez, los cuales se pusieron a comer dentro de dicha taberna escepto Miranda y el San Pedro que se agregaron al declarante y Costa. Siendo entre una o dos de la noche salieron todos de la espresada taberna sin saber la dirección del Cacheiro y sus compañeros por quanto los tres que comieron con el declarante acompañaron a Miranda a su casa, tomando por ello el **caminho de Cachiñas** [también chamado **Valdonecel**, agora **Porlier**] subiendo a la **Puerta del orrio** hasta que aquel se recogio, despues pasaron a la del Domingo San Pedro que la tiene junto a la Parroquia de Santa Maria, el deponente se quedó en la **Ruatrabiesa** en la de su padre, y el Costa siguió para la suya del **varrio de la Cruz berde** [lugar dos **Xudeos**], sin que se sepa, biese ni tenga noticia que los señalados ni ninguno de ellos hubiesen enfodado los rotulos de las calles como aparecieron en esta mañana, ni despues que el declarante se retiró oyo pandilla ni ynstrumento musical alguno, bien que cuando estaba con el Juan Costa en la taberna de la Juana Pallares sintieron tocar una guitarra en los **Subportales del Puentenuebo** y que con ella andaban Damaso Lousa, Vicente Cainzos, Baltasar Fernandez y Fernando Nobo, este cantando, pero no puede decir qual de ellos tocaba, a quienes al tiempo de entrar en la taberna conocieran el declarante y compañero por haberlos allado en los mismos Subportales, de donde se separaron, y bolbieron para la misma situacion, como lo percibió el que espone por haber salido a obserbar quien era el que cantaba, pero no les ha visto hacer daño, ni sabe hubiesen cometido el atentado de borrar los espresados rotulos. Siendo lo que puede declarar en el particular y la verdad en que se ratifica, es de edad de veinte años..."⁵⁴



Fig. 24.- O coronel de Betanzos, Antonio Quiroga y Hermida, era o comandante en xefe da revolución de 1820, por más que a fama a levara Rafael de Riego, por ser o primeiro en proclamar (contra o que se conviñera) a Constitución de 1812. Biblioteca Nacional, Madrid.

⁵⁴*Ibidem*, fº 2v-3v.

Outro deses protagonistas do domingo, Baltasar Fernández, engade que

"... pasando por la **Ribera** hallaron a Fernando Nobo, un tal Vigo, soldados del Provincial de esta ciudad y al cabo del mismo Vitoriano Leira, quienes como por fuerza se juntaron a los quatro expresados para que con ellos fuesen tocando, así lo verificaron por ebitar la quimera que preparaban, bolbiéndose por la misma calle a los **Subportales del Puente nuevo** en donde el declarante se separó de los sobredichos con su bihuella recogiéndose en casa de los padres, siendo las doce de la noche sin que hiciese ni hubiese visto hacer daño a nadie ni aun hablar la menor expresión sobre borrar los rotulós como aparecieron en esta mañana sin embargo de que el Nobo y Vigo llevaba cada uno de ellos su sable y a qual el suyo desbandado..."⁵⁵

Deste xeito, quedaban as sospeitas sobre os militares ó supoñerse que poideron borrar os rotulós coa punta dos sables. Isto unido a que andaban pola cidade fóra de hora propiciou que fosen acusados do feito, pero eles negárono todo e semella que os razoamentos no seu favor do promotor fiscal, Antonio Abila de Alén, "cabo primero, graduado de sargento del Regimiento Provincial", tiveron éxito:

"... Aun cuando se quiera, por un momento, decir que **se borraron los rotulós de los Ilustres Generales Porlier, Laci, Acebedo y Quiroga**, en la noche del 17 de Diciembre del año pasado y que el echo ha sido notorio en el Pueblo, no por eso se infiere que los tratados reos han cometido tan indecente y torpe crimen. Basta que sean soldados del baliente Regimiento de Betanzos y suditos de V.S. para que no se presuma de ellos, sin un pleno convencimiento tan fea maldad. Ningún testigo se atrevió a sospecharla; ni podía ser de otra manera porque no hay un Regimiento mas afecto á las nuebas instituciones ni soldados que mas se glorien del brillo y la Gloria de los Generales Heroes, cuyos nombres honran nuestras calles y cuyas virtudes cívicas imbidian las demás Naciones. V.S. es buen testigo del honor de todos sus subditos y de su modo de pensar, y los cabos Leira, Nobo y Vigo, **jamas fueron sindicados de desafectos á la Sacrosanta causa de la Libertad, después que sus ylustres Gefes les han instruido de las ventajas y aumento de Honras y distinciones que proporciona el merito y buenos servicios la Constitución Política de la Monarquía...**"⁵⁶

Así presentadas as cousas, xa non se trataba de xulgar a uns "delinquentes", senón ó propio Rexemento. Polo tanto, o promotor fiscal (a acusación, curiosamente un compañoiro dos propios



Fig. 25.- D. Pedro de Agar y Bustillo. Retrato anónimo, propiedade do Conde de Taboada

⁵⁵Ibidem, fº 4rv.

⁵⁶Ibidem, fº 22rv.

acusados) só deixou no aire a súa posible falta de disciplina horaria, que, en todo caso, debía ser castigada polos seus xefes.

Nin que dicir ten que se isto dicía o fiscal, pouco lle quedaba que engadir ó defensor, Baltasar Cándico Golpe, quen pediu a súa total absolución libre de costas

É evidente que a estas alturas (o último documento é do 27 de outubro de 1821) ó Rexemento non lle interesaba estar manchado nun acto destas características (ó Concello tampouco lle conviña abrir ese frente). Os tempos eran favorables ós constitucionalistas e a eles había que apuntarse por agora.

A mañá do 14 de xullo de 1823 entraron na cidade as tropas de Angulema, dando remate ó Trienio Constitucional. Inmediatamente os absolutistas borraron as tres inscripcións da fachada do Concello. Nunha delas líase “Plaza de la Constitución”, mentres que as outras, que a flanqueaban, estaban adicadas ós “infames Quiroga y Agar”. Serán sustituidas por **“tres escudos con sus coronas y mas adresos correspondientes, el uno con las Armas de este Reino de Galicia, el otro con la inscripción de Plaza Real, y el otro con las armas de esta M. N. Ciudad”**. Por suposto, desapareceron tamén os demais nomes do Trienio, volvéndose ós tradicionais.

O retorno ós nomes antigos

Serán estes nomes tradicionais os que se perpetúen por moito tempo, coa única excepción de “Plaza de la Constitución” que volverá pronto a poñerse, debido a que España, salvo excepcións, xa non abandonará o sistema constitucional a partir da Constitución de 1837, sistema que mesmo en épocas de dictadura se copiará dalgunha maneira na percura dunha lexitimación. Así teremos as constitucións de 1845, a non promulgada de 1856, a de 1869, o proxecto de Constitución federal de 1873, a de 1876, os proxectos constitucionais da Dictadura de Primo de Rivera, a republicana de 1931, a paréntese franquista coa *Ley de Principios del Movimiento Nacional* e, por último, a actual de 1978. O “Padrón de Almas” de 1865 (AMB) confirma esta idea do retorno ós vellos nomes.

Dúas reformas “progresistas”: do intento de 1868 ó levado a cabo no 1888

O proxecto de cambio de nomes das “Calles y Lugares” que asina o Alcalde Constitucional, Don José María García y Verea o 26 de febreiro de 1868⁵⁷ é, sen dúbida algunha, o máis revolucionario que coñeo, por extensión e por sistemático. Evidentemente temos que pensar que o Alcalde e o grupo gobernable da cidade pertencían ou eran simpatizantes do partido progresista, do que fora



Fig. 26.- Baldomero Espartero.

⁵⁷«Relacion definitivamente [sic] ultimada y comprensiva del número de Lapidas, del de Casas, ó Edificios, números pares, impares y accesorios que debe contener cada una, con el nombre que de antiguo tenian las Calles y Lugares, y el que tendran á lo subcesivo, segun se expresa en la sesta casilla, que es conforme deben venir las Lapidas»

cabeza Espartero, agora un mito vivente, e que neste momento estaba presidido por Prim. E digo isto porque a figura de Espartero será a que centralice boa parte deste proxecto.

Non se levará a cabo, nembargantes, quizais polos cambios na política local que suporía a “Gloriosa Revolución de Septiembre”, pero vale a pena botarlle un vistazo.

Na casilla dos novos nomes que se propoñen hai uns escritos a pluma e outros a lápiz correxindo por enriba ós primeiros. É probable que os escritos a lápiz sexan moi posteriores, e desde logo un precedente ou mesmo un borrador da reforma exitosa de 1888, coa que coincide moitas veces. Transcribo os nomes que existían en letra normal, as propostas de 1868 en negrita, e as correccións posteriores en cursiva e entre paréntese:

-Plaza de la Constitución // **Plaza de la Constitución**.

-Plaza // **Calle Mayor (Comercio)**. O nome de “C. de la Plaza” será o que na realidade permaneza ata que se lle poña “C. de Sánchez Bregua” (xeneral coruñés, 1818-1897) no 1888.

-Herreros // **Calle de Lepanto** (Roldán). Parece Lepanto (célebre batalla de 1571 entre a “Liga Santa” e os turcos) unha concesión ó militarismo da época, nun momento de exaltación dos herois da Guerra de África, caso de Prim. Pero nin este nome nin o de Roldán se afianzarán neste momento. Roldán, personaxe local⁵⁸, será un dos nomes de 1888 e ainda hoxe pervive na parte superior dessa rúa, entre as actuais Praza da Constitución e a Rúa da Pescadería.

-Ruatrabiesa // **Ruatrabiesa**.

-Plazuela del horno y Ruanueba // **Ruanueba**.

-Plateros y puerta de la Ciudad // **Calle de Luchana (Plateros)**. Luchana non tivo éxito e “Plateiros” seguiu subsistindo ata 1888 en que se sustitúe por “C. de Méndez Núñez”. O nome de Luchana (hai ese nome nunha rúa da Coruña, noutra en Madrid e en moitas más ciudades españolas) era, sen dúbida, un homenaxe ó xeneral Baldomero Espartero nun momento en que xa estaba retirado da política, pero seguía tendo unha gran popularidade e autoridade moral. Tanto é así que logo do destronamento de Isabel II en setembro dese ano (1868), Prim propúxoo como Rei de España, pero el rechazou selo, pretextando os seus moitos anos. No pasado un dos seus éxitos más celebrados fora a batalla de Luchana (lugar próximo a Bilbao) que tivo durante a primeira guerra carlista. Nela Espartero, que era xeneral en xefe do exército do Norte, logrou derrotar ós carlistas mandados por Eguía e levantar así o sitio de Bilbao (24-XII-1836). A raíña rexente, María Cristina, concedelle o título de “Conde de Luchana”.

-Ribera de arriba, Plazuela del Alfolí, Payo Formoso y Muelle // **Calle de la Ribera**.

-Ribera de abajo, Plazuela 1^a y 2^a del Peirao, 2^a, 3^a y 4^a de Ruedas // **Calle de la Marina**.

-Calle de abajo del Puentenuebo // **Plazuela del Peirao (Plazuela de Mauregato)**. O nome de Mauregato, que nunca se poñería, estaba directamente ligado co mito das cen doncelas e a crenza (basada unicamente en relatos literarios de tipo romántico) de que éstas eran levadas cautivas polos musulmáns en barcos que atracaban nesa zona do río.

-1^a de Ruedas // **Travesía de Ruedas**.

-Plazuela de la aira vieja // **Plazuela de Trafalgar (de Enrique III)**. Ningún dos dous nomes propostos tiveron nunca efectividade oficial. O primeiro caso é outro exemplo de militarismo heroi-co tan querido polos románticos, no que alude á batalla naval de Trafalgar (21-X-1805) na que a armada británica mandada por Nelson (que morrería aquí) derrotou á flota franco-española. Pero chama a atención o de Enrique III que por algún erro se debeu considerar especialmente relacionado con Betanzos e sería no 1888 cando se oficializa o de Enrique IV nese mesmo lugar, a quen a cidade lle debe o título de tal (1465).

-Veiga y calleja de los Lagares // **Calle de la Vega (del Mandeo)**. No 1888 sí se poñería Mandeo e ainda hoxe pervive.

⁵⁸Don Manuel Roldán y Gil fora Conde de Taboada (25-XII-1763 // 24-XI-1832), coronel de milicias provinciais, etc. A pesar de ser noble, é claro que estamos diante dun home de talante liberal, posto que foi «Alcalde 1º Presidente» da cidade no 1814 (do 14 de febreiro ó 12 de xullo) e no 1823 (só uns días de principios de xaneiro). Por outra banda, hai que suliñar que unha das súas fillas, Dona Francisca, casara nada menos que con Don Pedro de Agar y Bustillo, Presidente da «Junta Suprema de Galicia» no Trienio Constitucional.

-Calleja de Caraña // Travesía de Caraña.

-Nuestra Señora del Camino y Porqueriza // **Calle del Camino** (*Cementerio*). Non tivo éxito ningunha das dúas propostas agora, pero no 1888 si se oficializou “Calle del Cementerio”.

-Camino del Ferrol y parte de la calle de Nuestra Señora // **Calle de Zaragoza** (*Meneses*). No 1888 poñeríase “C. de Saavedra Meneses”, político de Pontedeume gran impulsor do ferrocarril Betanzos-Ferrol. Este nome pervive hoxe.

-Cuesta de la Fuente deunta y Monjas / / **Calle de Bailén** (*las Monjas*). Bailén, outra gran batalla, esta vez da Guerra da Independencia. “Monjas” (xa había este nome no 1824) retomariase pronto e volvería a fixarse no 1888.

-Fuente de unta, Soportales del Fuente de unta y caño de la Fuentedeunta // **Plazuela de la Fuentedeunta**.

-Sobre las huertas del Fuente de unta // **Calle de sobre las huertas**.

-Cruz verde y pasillo de la Cruz verde al camino de Castilla // **Calle de la Cruz verde**.

-Camino de Castilla // **Calle de Castilla**. Como “Camino de Castilla” verémola no 1888.

-Plazuela de Cuchiñas // **Plazuela del Baldoncel** (*Valdoncel*).

-Cuchiñas de arriba, cuchiñas de abajo y Puentenuebo // **Calle de Quiroga**. Tamén haberá que esperar a 1888 para que Quiroga se afiance e chegue ata nós, pero sobre a Rúa 2^a de Noas.

-Puentenuebo de abajo // **Plazuela del Puentenuebo** (*de las Galeras*). “Galeras” ou Galera afianzarase ata hoxe posteriormente a 1888. O máis probable é que sexa outra referencia ó drama e á historia romántica en relación co suposto tributo das cen doncelas: “pues allí se supone venían las naves ó galeras del tiempo de Mauregato y sucesores a buscar las doncellas que al Califa de Córdoba entregaban”⁵⁹.

-1^a de Noas // **Calle de Cervantes**. Esta proposta farase realidade na reforma de 1888.

-2^a de Noas y pasillo de esta a la 1^a // **Calle de la Victoria**. Era outro intento máis de homenaxear a Espartero, quen dentro do contexto da primeira guerra carlista e logo da batalla de Luchana, defendeu Madrid con éxito (1837) e posteriormente fomentou as disensións entre os propios carlistas ata emprender conversacións de paz con Maroto. A culminación das mesmas no “abrazo de Vergara” (31-VIII-1839) supuxo un gran triunfo, tanto militar como político, para Espartero, e a Raíña rexente concedelle por iso o título de “Duque de la Victoria”.

-San Francisco // **Calle de San Francisco**.



Fig. 27.- José Arias Uria, a figura progresista máis importante de Betanzos, chegará a ser ministro de Gracia e Xusticia con Espartero no 1856. Sen dúbida a súa influencia inspirou o proxecto de nomenclátor fallido de 1868. Gravado do Museo das Mariñas no que se representa como deputado das Cortes Constituientes de 1854.

⁵⁹GÓMEZ NAVAZA, Juan. Art. sobre o cambio dos nomes das rúas no periódico local *El Mendo*, 1890, nº 76, AMB.

-1^a de Clerigos // **Calle de Vilbao**. Un homenaxe máis dos progresistas locais a Espartero en lembranza da batalla de Luchana (1836), pola que se liberara Bilbao.

-2^a de Clerigos // **Calle de Colón**.

-3^a de Clerigos // **Calle de Pizarro**. Tanto éste coma Colón podían considerarse como prototipos do heroi romántico dos tempos pasados.

-Plazuela y calle de Santa María // **Calle de Santa María**.

-Sobre la Muralla // **Calle de la Muralla**. (*Pardiñas*)

-Pinche // **Travesía del Pinche** (*1^a travesía de la Ruatraviesa*).

-Calle del Oro // **Travesía del Oro** (*2^a travesía de la Ruatraviesa*).

-Pastelería // **Travesía de Pardiñas** (*3^a travesía de la Ruatraviesa*).

-Sombrereros // **Travesía del Salto** (*4^a travesía de la Ruatraviesa*). A fría numeración de todas estas travesías darase na reforma de 1888 e chega ata hoxe cando se recuperaron os nomes antigos.

-Manzana de la Ruatrabesa // **Manzana de Numancia**. Outro feito histórico que gustaba ós románticos afeccionados ó melodrama.

-Pescadería // **Calle de la Cruz**. Pode tratarse dunha alusión ás igrexas próximas.

-Calle principal de la Cortaduria y calle de la verdura // **Plazuela de Santiago**.

-Cortaduria y ángulo 1º de la Cortaduria // **Calle del Callao**. Inevitable alusión a un feito recente que entusiasmou a España: o bombardeo do forte peruano de El Callao o 2 de maio de 1866 por parte de Méndez Núñez.

-2^a venela de la Cortaduria // **Venela de la Estrella**.

-3^a venela de la Cortaduria, Plazuela y calle de las Casas viejas // **Travesía de Tetuán**. Tetuán é unha alusión á batalla dese nome, dentro do contexto victorioso da guerra de África, da que foi gran heroi o xeneral Juan Prim. Nesa cidade entrrou o exército español o 1-II-1860.

-4^a venela de la Cortaduria // **Venela de la Cortaduria**.

-Puerta del Hórreo y 1^a venela de la Cortaduria // **Calle del Hórreo**.

-Calle y Plazuela del Atrio // **Plazuela del Atrio**.

-Campo de la Feria // **Plaza del Progreso**. O nome de “Progreso” non se afianzou tampouco (haberá que esperar a 1888 para que atopemos unhas travesías “del Progreso” nas antigas 1^a e 2^a “venelas del Campo”), pero o feito de que apareza agora hai que poñelo en relación, unha vez máis, probablemente, coa simpatía por Espartero, símbolo máximo do partido progresista.

-1^a venela del Campo // **Travesía de Diana**. Alusión á Fonte de Diana da Praza do Campo.

-2^a venela del Campo // **Travesía del Campo**. A sustitución da verba ‘venela’ por ‘travesía’ ten unha intención clara de modernidade en alusión ás grandes urbes.

-Rollo y Peso // **Calle del Rollo**.

Ningún destes cambios se levaría a cabo, certamente, pero o seu espírito foi recollido no 1888, sendo Alcalde Don César Sánchez San Martín, que realizaría na práctica a reforma do “nomenclátor” máis revolucionaria da historia da cidade⁶⁰. Poucos foron os nomes tradicionais que se salvaron. En



fig. 28.- Frutos Saavedra Meneses, político de Pontedeume, gran impulsor do ferrocarril Betanzos-Ferrol. O seu nome ainda permanece hoxe nunha rúa do barrio da Ponte Vella.

⁶⁰Un pouco antes documéntase (Actas Capitulares do 19-VIII-1873) o nome de sabor romántico, **Calle del**




Fig. 29.- "D. Juan" M^a García Naveira.



Fig. 30.- "D. Jesús" García Naveira.

liña cos “ensanches” imperantes (destrucción da Porta da Vila no 1872, dos Soportais da Rúa do Castro nos anos 1870-80, etc.), tratábase de borrar os elementos que facían de Betanzos unha cidade antiga, para convertila en “moderna”, na vía do “progreso”. Así, desaparecerán os nomes das travesías da Rúa Travesa para quedar en meros números como se dunha gran cidade americana se tratase. E puxérонse moitos nomes de persoas, xa fosen benefactores antigos, símbolos do progreso doutros tempos (**Díaz de Lemos**, **Sánchez de Taibo**...), políticos da época (**Saavedra Meneses**, ligado ó ferrocarril), militares antigos e modernos de aire romántico (**Lanzós**, **Quiroga**, **Sánchez Bregua**, **Méndez Núñez**, **Pardiñas**, **Roldán**, **Cassola**) ou literatos consagrados (**Cervantes**). E, naturalmente, non podían faltar as travesías do **Progreso**, idea esta que sintetiza o espírito desta reforma...⁶¹

Máis adiante ainda veremos algúin engadido a este conxunto como a **Avenida de Linares Rivas**, que xa existía no 1897, adicada ós dous irmáns, Aureliano e Maximiliano, políticos relacionados coa construción do ferrocarril Betanzos-Ferrol, que se inauguraría o 5 de maio de 1913⁶². E tamén a **Plaza de Arines** (desde 1897), aplicada á anterior de **Cassola** e tradicional **Campo da Feira**, logo da morte do notario e xefe do partido conservador D. Juan Arines Montenegro.

O pagamento de gratitud ós indianos benefactores

O 11 de xuño de 1912, sendo Alcalde Don César Sánchez Díaz, acordouse no Concello “que a una de las calles de esta Ciudad se le dé el nombre de Jesús García Naveira y, para evitar los inconvenientes que trae consigo el andar cambiando los nombres a las calles que ya proceden de antiguo, la más adecuada para tal objeto es la que partiendo de la plaza de Arines va a las Cascas, que se denominará Avenida de Jesús García Naveira...”⁶³

Desengaño, na travesía da Rúa Travesa que baixa pegada ó cemiterio de Santa María (o «desengaño» é unha alusión á brevedade da vida, representada por ese cemiterio). Outro nome de estilo semellante foi o que recolleu D. Paco Vales oralmente (de José M^a o zapateiro) para a rúa que se fixo na década de 1870 entre a de San Francisco e a Ribeira: **Calle de la Sospecha**. Neste caso debía referirse a ese lugar como sospitoso, por escuro e rodeado das ruinas do recentemente derrubado mosteiro de San Francisco, propicias quizais para ladróns.

⁶¹ERIAS MARTÍNEZ. *Op. cit.*

⁶²ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «Achegada do ferrocarril a Betanzos». En: *Anuario Brigantino* 1983, nº 6, Concello de Betanzos (A Coruña), 1984, pp. 85 e ss.

⁶³AMB, Libros de actas capitulares.

Este nome puxose despois do impacto que supuxo na cidade a morte por accidente en Buenos Aires de Don Jesús García Naveira o 24 de marzo dese ano de 1912. El era, xunto a seu irmán Don Juan, un dos *indianos* que máis fixeran polas clases humildes de Betanzos: Lavadeiro Público Gratuito das Cascas (1901); o Patronato Benéfico-Docente “García Hermanos” (1908, escolas e asilo)... Pero é que ademais, Don Jesús, no seu testamento de 1911, deixou 11 legados a Betanzos por valor de 1.224.000 pts., entre eles un para fundar as Escolas Municipais “Jesús García Naveira” e outro para a construción da “Casa del Pueblo”.⁶⁴

Pero o nome dessa rúa deixaba pendente un agradecemento similar para o outro irmán, Don Juan, home que viviría en Betanzos na súa casa dos soportais do Campo (construída nos últimos anos do s.XIX en estilo segundo imperio francés) ata a súa morte no 1933. Esa debe ser a razón pola que arredor de 1920 se sustituirá o nome de Plaza de Arines (a do Campo) por **Plaza de los Hermanos García Naveira**.

Non hai que esquencer que a Don Juan se deben, ademais das fundacións comúns con seu irmán, outras como: “El Pasatiempo” (1893...); un segundo lavadeiro público (1912) nas Cascas; o “Refugio para niñas anormales físicas” (1923); o Sanatorio San Miguel (1930)...

Outro caso semellante foi o de Don Gonzalo González y González (1874-1952), betanceiro que tamén faría fortuna en Cuba, onde tiña dúas fábricas de azulejos e dúas ferreterías, nas que axudou a moitos outros emigrantes galegos que ali foron. De volta en Betanzos donou 2.000 pares de zocos con calcetins (o calzado popular da época) ós pobres e, sobre todo, pavimentou con lousas de canteira a rúa de San Francisco. Por esa razón, no 1923, o Concello decide poñerlle o seu nome á rúa, pero ó non permitilo o interesado, poñerá o da súa dona, recentemente falecida. Deste xeito a **Calle de Ana González** chegará ata 1981 cando se volve ó nome antigo.

Nembargantes, non todo o mundo parecía estar conforme co cambio dos nomes antigos polos dos novos ricos por máis benefactores que fosen e desde algúns sectores políticos da vella burguesía (particularmente D. Agustín García Sánchez) houbo protestas na prensa, o que fixo que Don Gonzalo González, o mesmo día da entrega da rúa (27 de febreiro de 1923), publicase un ostentoso impreso co seu discurso no que se xustifica e contraataca. Vexamos algúns parágrafos:

“... Un prestigioso jefe político, que lleva cinco o seis lustros rigiendo los destinos de esta ciudad; un “leader” tan representativo que, puede asegurarse, es la expresión de la opinión pública en el Distrito, ha censurado en la prensa y bajo su firma, por retardatario, poco culto e ilegal el cambio de los nombres seculares de las calles y plazas.

Yo ya sé que la censura iba enderezada a los enemigos políticos sin percatarse de que se ponía en la picota a quien no había dado el menor motivo para ello.

Pero por lo mismo; no creyendo justo quedar en entredicho, hago constar que cuando los concejales en pleno, incluso los que militan a las órdenes del citado jefe, fueron a darme cuenta y pedir mi consentimiento para que la calle de San Francisco llevase mi nombre, me negué rotundamente, declinando tan inmerecido honor, si bien no me creí autorizado para oponerme, cuando -en un rasgo de delicadeza que jamás les agradeceré bastante- decidieron dar, a la calle, el nombre de mi finada esposa, doña Águeda González.



Fig. 31.- Gonzalo González y González, benefactor da cidade e Alcalde desde o 17-X-1939 ó 2-IV-1940.

⁶⁴FUENTE GARCÍA, Santiago de la. Voz «García Naveira» da *Gran Enciclopedia Gallega*.

Y en este estado se hallaban las cosas. Pero enterado de las censuras de que dicho cambio de nombre ha sido objeto, participé al señor Alcalde mi decidido propósito de renunciar en cuanto en mi mano estuviese, aquella distinción, y relevar como relevé a la Ilustre Corporación municipal de su compromiso, si tal podía llamarse...

Yo no puedo, ni puede nadie creer que el que se lamente de ser quizá responsable de que Betanzos esté convertido en una necrópolis y siente la amargura de que en Sada no se recuerde ya a un ilustre benefactor de aquella hermosa villa, censure, líneas más abajo que un nombre, que todos los hijos bien nacidos de Betanzos debemos llevar indeleblemente impreso en el corazón y en la memoria -el de García Naveira- haya venido a sustituir al de la plaza del Campo... de Cassola... de Arines... ¿Cuál es el "secular"? ¿No habrá intervenido el censor en alguno de esos cambios, que, así de momento, recuerdo?..."⁶⁵

Sexa como fose, a **Calle de Ana González** será oficial desde ese ano ata 1981, cando se retoma o tradicional de San Francisco.

A 'canonización' frustrada dun vello líder liberal

Xa na época do Alcalde Don Calixto Leis

Ponte (1906-1912) se fixeran xestións para que o Estado devolvera ó Concello o terreo chamado Xuncal de Cortadores, ocupado con motivo das obras do ferrocarril Betanzos-Ferrol e a desviación do canle da ría. Reenchidos máis de 50 cm. sobre o nivel das mareas "quedaron en inmejorables condiciones de fertilidad" acordándose convertilo en "parque, para recreo y esparcimientu público, puesto que carecemos en absoluto hasta de un mal jardín". Fixera o plano D. Francisco Javier Martínez Santiso e mesmo se empezaran a plantar árbores, pero posteriormente abandonouse a idea, convertindose en pasto e campo de instrucción dun escuadrón de caballería.

Será o concelleiro D. Laureano Pérez Vales quen intente, en febreiro de 1923, resucitar a idea do parque e para logralo propón se lle dea o nome do vello xefe dos liberais de Betanzos, o avogado **Don Agustín García Sánchez**, "como humilde homenaxe por lo mucho que este pueblo debe a su tan exclarecido hijo. No hablo de colocar una lápida con su nombre en él porque mas bien debiera erigirse una estatua por suscripción pública"⁶⁶

O proxecto foi aprobado o 26 de abril dese ano, coa condición de que non custase nada ó Concello e non se cortasen as árbores que ali había. Nem bargantes, nin se fixo o parque nin se puxo o nome previsto, posto que as funcións deste Concello, presidido por Don Domingo Etcheverría Naveira, quedaron suspendidas o 1 de outubro dese 1923 por parte do Directorio Militar de Primo de Rivera.

Unha proposta socialista non aceptada no 1926: Pablo Iglesias Posse e Ramón Franco Baamonde

A proposta, en forma de instancia datada o 14 de marzo de 1926, está asinada por Bernardo Miño Abelenda e Ramón Beade Méndez, como presidente e secretario da Federación Agraria do partido xudicial de Betanzos⁶⁷.




Fig. 32.- Agustín García Sánchez, avogado e líder liberal (deputado no Congreso no 1893...) tivo unha gran influencia na política de Betanzos e o seu distrito ó longo de case 30 anos.

Finou o 17-X-1934.

⁶⁵AMB, c. 4386.

⁶⁶«Año 1923. Moción del Concejal Sr. Pérez Vales á fin de construir un parque en el Relleno del Puentenuevo ó explanada». AMB, c. 594.

⁶⁷AMB, c. 904.



Fig. 33.-Ramón Franco na Revista Núñez.




Fig. 34.- Pablo Iglesias.

O nome de **Ramón Franco** para sustituir ó da Rúa Nova era unha cuestión puramente concxuntural, porque fora neste mesmo ano cando fixera a primeira travesía do Atlántico sur en hidroavión, o "Plus Ultra", desde Palos de Moguer a Bos Aires⁶⁸. Iso deulle unha enorme popularidade, convertíndose nun heroi nacional reivindicado por todos. Precisamente, ese mesmo ano a publicación local *Revista Núñez*, no seu nº 2, fará unha ostentosa homenaxe a Franco e ós seus compañeiros do Plus Ultra.

Da a imprensión, nembargantes, que a proposta de Ramón Franco é unha maneira de suavizar a verdadeira intención: poñer o nome de **Pablo Iglesias** á Rúa Travesa, unha das más emblemáticas de Betanzos⁶⁹, aproveitándose da casualidade de que os dous eran ferroláns e de que na Rúa Travesa estaba a "Casa del Pueblo". Ademais esta proposta ía en primeiro lugar e desde logo ocupaba a maior parte da instancia.

Na concxuntura política do momento semella esta unha provocación perigosa. Hai que ter en conta que estamos en plena Dictadura do xeneral Primo de Rivera (desde o golpe de estado militar do 13-IX-1923 ó 28 de xaneiro de 1930 en que dimite) e nela só existe unha especie de partido político: a "Unión Patriótica". Os demais están prohibidos e perseguidos e as libertades democráticas suprimidas: censura de prensa, represión do movemento obreiro, peche do congreso e da cámara, etc. Pois ben, a pesares de todo iso, aquí temos a estes relevantes socialistas co seu abandeador Pablo Iglesias ó frente, que morrera o ano anterior.

"Los que suscriben, en representacion de las entidades agropecuarias afiliadas a esta Federación y por acuerdo adoptado con fecha de hoy por el Comité de la misma, creyendo interpretar los deseos de la clase trabajadora brigantina, a la Excmo. Corporacion de su digna presidencia exponen:

Que para perpetuar la memoria de los insignes ferrolanos **Pablo Iglesias Posse y Don Ramón Franco Baamonde**, proponemos se dé el nombre del primero a la calle denominada Rua Traviesa, y el del

⁶⁸O avión, un bimotor Dornier Wall, tiña moi pouca autonomía de vó. A tripulación estaba composta polo comandante Ramón Franco, o capitán Ruiz de Alda, o teniente de navio Durán e o mecánico Rada. Saíron o 22 de xaneiro de 1926 e, despois de numerosas escalas (Gran Canaria, Cabo Verde, Fernando de Noronha, Recife, Rio de Janeiro, Montevideo, etc.) chegaron a Bos Aires o 10 de febreiro.

⁶⁹No 1927 figura como **Calle de Alfonso XIII**, o Rei que «por el desarrollo de su industria y su constante adhesión a la Monarquía» concedera ó Concello o tratamento de «Excelencia» (Actas Capitulares, 17-XII-1912).



Figs. 35 e 36.- Os capitáns Fermín Galán Rodríguez e Ángel García Hernández, protagonistas da fallida proclamación da Segunda República en Jaca en decembro de 1930. Serían fusilados.

valiente aeronauta, a la que actualmente se llama Rua Nueva. Al proponer el nombre del venerable y fallecido apostol del socialismo para la Rua Traviesa, lo hacemos en atención a encontrarse situada la Casa del Pueblo en el litoral de la misma.

De este modo, la hidalga y antigua capital de Galicia honrará, aunque modestamente, la memoria y el recuerdo de estos dos gallegos ilustres que han sabido inmortalizarse: el primero dedicando por entero su incorruptible vida de austeridad y nobleza a la santa causa de los oprimidos, y el segundo marcando con su valiente hazaña, al terminar felizmente el arriesgado "raid" Palos-Buenos Aires, una efemérides gloriosa en nuestra historia.

Es desejo que por ser noble, justo y colectivo, y estar desprovisto de todo sectarismo, esperamos ver pronto satisfecho, por la simpatía, buen acogimiento y favorable resolución de que, indudablemente, será objeto en el seno de esa Exema. Corporación de su digna y merecida presidencia, cuya vida deseamos se le prolongue por muchos años.

Casa del Pueblo de Betanzos, 14 de Marzo de 1926

El Presidente [Bernardo Miño] El Secretario [Ramón Beade Méndez].

A tan arriscada pretensión⁷⁰, por más que se dulcificase cunha brillante retórica, o Concello (sesión do 9-VI-1926), presidido por Don Emilio Romay Montoto, respoutou cunha diplomática negativa:

"... La Exema Corporación acordó por unanimidad que se tome en consideración, y que se tenga en cuenta para el momento en que se acuerde la apertura de nuevas vías municipales, por no cambiar el nombre de las actuales calles, a cuyo acuerdo se opusieron los Sres. Ramos Lacaba y Sánchez Suárez, habiendo adoptado con el voto en contra de los mismos..."

Evidentemente, non sabía este Concello que pronto habería ocasión para levar á realidade algunha destas propostas, posto que a Segunda República estaba cerca.

⁷⁰Don Bernardo Miño Abelenda foi o primeiro socialista en ser concelleiro, aló polo 1909. Será «paseado» no 1936. Don Ramón Beade Méndez será Alcalde na Segunda República nas etapas 30-V-1933 // 18-X-1934 e do 22-II ó 25-IV de 1936; foi tamén deputado a Cortes, o primeiro na Historia de España coa profesión de agricultor.

As rúas da Segunda República triunfante

Cando a Segunda República chega o 14 de abril de 1931 todo semella cambiar e en Betanzos será o concelleiro Don Francisco Castro Bouza quen presente a "moción" correspondente o 24 de xuño, para o "cambio de nome de determinadas calles de la Ciudad"⁷¹.

A primeira, como é de esperar, é a de **Pablo Iglesias** para a Rúa Travesa. Mantense a idea de 1926, ainda que xa se esquerceran de Ramón Franco. A seguinte era a de **Fermín Galán** para a da Ribeira, e, por último, a de **García Hernández** para a do Valdoncel. Como se ve, no método e no espírito hai unha gran semellanza co lonxano Trienio Constitucional. Son nomes políticos, que se elevaron en toda España á categoría de símbolos para o novo réxime e, naturalmente, serán repetidos nun sinfín de cidades.

A moción é verbal e a resolución rápida: quedan aceptados os novos nomes co voto en contra de Don Manuel Villuendas Pena.

Villuendas Pena non é que se opuxese políticamente, senón que el pretendía outra ubicación para o nome, como se demostra cando ó pouco tempo (sesión de 30-VI-1931) propón a vella idea de facer na parte da explanada do ferrocarril, agora adicada a campo de deportes, "un parque que lleve el nome de **Pablo Iglesias**"⁷². O parque construirase efectivamente, pero non a todo o mundo contentou. Por iso cando o burro "dos do Patín" decidiu cruzar a Ponte Nova e comer os mirtos que había na entrada co ano "1932" (o que, por certo, supuxo unha multa) algúns sentíronse especialmente gratificados co incidente. Non hai que esquercer, por outra parte, que a desaparición do "Campo de Deportes" en favor do parque implicaba deixar á cidade sen campo de fútbol, cuestión que somente se solventará nos anos 40 cando o "Batallón de Transmisiones", mandado por Don José M^a González Aller, constrúa un no solar do actual Instituto de Formación Profesional⁷³.

As rúas da era de Franco

Resulta curioso que, despois dos "paseados" e fusilados republicanos que houbo na cidade, entre eles dous alcaldes (Don José Novo Rodríguez e Don Tomás López da Torre), permitiran os nacionais que permanecieran os nomes da República nas rúas ata 1938. Pero se ve que era para eles unha cuestión menor e, polo tanto, esperaron a que a guerra estivese próxima a rematar.

Nese ano, o 18 de abril, o Alcalde, Don Juan Jesús García Iribarne, co selo ainda da "Alcaldía Constitucional" da República, asina unha moción que a Corporación acepta, "en orden a que las calles de la Ribera, Valdoncel y Ruatraviesa que en virtud de acuerdo del Ayuntamiento republicano venían denominándose de Fermín Galán, García Hernández y Pablo Iglesias, vuelvan a ostentar sus primitivos nombres, y a cuyo efecto se encarguen las oportunas placas, para situarlas en los lugares convenientes, a fin de que se sepa y conozca públicamente su verdadera denominación..."

Pero non era previsible que as cousas quedasen así e xa o 17 de xuño dese 1938 o Concello acordou por unanimidade "que la Plaza de la Constitución de esta ciudad, se denomine del **General Franco**, en atención a la simbólica personalidad que representa en la nueva España, y que se encargue al efecto una placa en condiciones apropiadas donde se inscriba dicha denominación". Despois do pertinente permiso do Gobernador Civil, serán os concelleiros Don Gonzalo González e Don Santiago Moretón Simón os encargados de mercar a placa de mármore.

Durará este nome, que nunca foi popular, ata 1983 en que se sustituiu por "Praza da Constitución", sendo Alcalde o socialista D. Antolín Sánchez Presedo.

Os seguintes cambios, na liña do réxime triunfante, serán os que afecten á Rúa Travesa e ás súas travesías, que levarán o nome do símbolo por excelencia da propaganda franquista: **José Antonio Primo de Rivera**. Un nome posto entre 1946 e 1950, nos primeiros anos da alcaldía de Don Tomás Dapena⁷⁴, que non chegou a desplazar ó de toda a vida.

⁷¹AMB, c. 904.

⁷²«Año 1931. Expediente instruido en virtud de acuerdo de la Excmo Corporación de convertir en parque el actual Campo de Deportes...» AMB, c. 394.

⁷³Agradezo a Don Marcelino Álvarez estos datos.

⁷⁴O 4 de febreiro de 1946 foi nomeado Alcalde en propiedade.



Fig. 37.- Manuel Fraga Iribarne.



Fig. 38.- Emilio Romay Montoto, Alcalde (8-II-1924 // 17-I-1929...) e Presidente da Deputación Provincial.



Fig. 39.- Manuel Becaría Loureda, Alcalde desde o 3-I-1943 ó 9-II-1945



Fig. 40.- Tomás Dapena Espinosa, Alcalde desde o 28-III-1945 ó 10-X-1968.

Por último, e xa na zona nova, no ensanche cara ó Sul, tamén se puxeron nomes en liña co réxime. É a Avenida Fraga Iribarne e as rúas: **Emilio Romay, Alcalde Tomás Dapena, Alcalde Becaría, General Julio Pérez Salas**. En certo modo entra neste contextoa a rúa do franciscano **Padre Francisco Blanco**: non esquenzamos que algúns exaltados republicanos queimaran San Francisco no 1936...

A chegada da democracia supón cambios progresivos ata chegar ó nomenclátor vixente de 1995, pero é moi cedo ainda para facer unha análise do que significan.

IV.-CONCLUSIÓN

É evidente que a aparición do réxime liberal crea cambios importantes nun nomenclátor ata daquela moi pouco dinámico. E ese novo espírito chega ata nós. A patir de 1812 a lei de acción e reacción pode aplicarse, en certo modo, ó problema aquí exposto. A unha acción agresiva (un cambio de nomes motivado polo triunfo dun partido político dado) hai que esperar outra semellante e de signo contrario cando os que triunfan son os inimigos. É un movemento pendular que, naturalmente, só podía ter sentido agora cando na política nacional existen os partidos políticos e a conseguinte confrontación entre eles.

O interesante, pois, é ver que pasou a partir dese ano de 1812. Pois ben, en primeiro lugar e a pesar de todo, constátase na longa duración unha forte tendencia a permanecer os nomes tradicionais. Os cambios conxunturais, por moito oficialismo que teñan, poucas veces chegan a borrar na memoria da xente os antigos. Isto, naturalmente, está favorecido polo pouco tempo que duraron as etapas políticas, sobre todo no s.XIX. E ainda no XX, os corenta anos de Franco non chegaron para sustituir na costume do pobo nomes como *Rúa Travesa* por **Calle de José Antonio Primo de Rivera**, ou *A Plaza*, por **Plaza del General Franco**...

Por outra parte, tanto en Betanzos coma noutras cidades, detéctanse (sobre todo no s.XX) escritores que pasan rapidamente de estudiar as rúas a defendelos seus nomes tradicionais. En Betanzos xa se ocupara do tema con ánimo crítico e reformador D. Juan Gómez Navaza no 1890, pero sería Don Francisco Vales Villamarín o pioneiro no estudio científico dos nomes ben andado o s.XX, aínda que non chegara a sistematizar os seus estudos nunha obra de conxunto... Na Coruña, por poñer outro exemplo próximo, destacaron neste empeño: Félix Estrada Catoira, Ángel del Castillo, Juan Naya Pérez, Carballo Tenorio ...

En resumo, poucos deses cambios conxunturais permanecen e menos desde que chegou a democracia a partir de 1975 e coa consolidación do réxime das autonomías, consagrado na Constitución de 1978, que favoreceu os estudos locais.

Agora, non só os estudiosos, senón tamén unha gran parte do pobo ve natural que as rúas teñan os nomes de toda a vida e, basicamente, así se levou a cabo no 1995. Somente hai que facer unha consideración: esos nomes xa non responden completamente ó espírito que os fixo nacer. A súa importancia engadida hoxe está no feito de conter unha información histórica, algo que ten valor no tempo do turismo cultural e do retorno ás raíces, por contraposición ós vertiginosos avances da técnica. Pero, por suposto, a **Rúa dos Ferreiros** xa non ten ferreiros, nin a **dos Sobreireiros** ou a **dos Ferradores** estes oficios. Tampouco a **da Pastelería** ten este establecemento, etc.

Hai que dicir ademais que, se ben se rescataron os nomes antigos para as rúas vellas, o velo espírito popular non se conserva cando se trata de nomear rúas nacentes. Neste caso, a nadie se lle ocorre poñer hoxe, por exemplo, R. da Discoteca, R. do Supermercado, R. do Museo, R. dos Fotógrafos, R. do Cine ou R. dos Bancos... Polo tanto, o que permanece é o espírito que iniciara a Constitución de Cádiz, de tal maneira que tenden a poñerse nomes de persoeiros, xa sexan políticos, militares, benefactores ou intelectuais. O matiz político, de tódolos xeitos, adoita ser preeminente, directa ou indirectamente, posto que son políticos, por máis que o fagan no nome do pobo, os que oficializan esos nomes. ☐